

**Os socialistas de Bóveda conseguen o apoio unánime do Pleno á moción de urxencia presentada en defensa do colexio e a garantía da Educación pública no Concello**

Despois do veto inicial do alcalde para incluír a Declaración Institucional proposta polo PSOE na Orde do Día do Pleno, os socialistas a incluíron pola vía de urxencia co fin de acadar o respaldo da totalidade da corporación

Os membros do PSOE do municipio maniféstanse enormemente satisfeitos por este logro acadado que demostra que existía unha necesidade real de apoio á moción

A voceira do Partido neste municipio indicou que “agardamos que o Alcalde tome cartas neste asunto, xa que foi unha concelleira do PP, e mestra no centro de educación infantil e primaria Rosalía de Castro, a que creou tal situación de malestar na comunidade educativa”

**BÓVEDA, 25 DE FEBREIRO DE 2015.-** Os socialistas de Bóveda acadaron na sesión plenaria o apoio unánime de toda a Corporación á moción de urxencia presentada polo PSOE en defensa do colexio e a garantía da calidade dun servizo público fundamental como é a Educación. Con esta Declaración, os socialistas conseguiron o respaldo a este colexio como centro de referencia de Bóveda en materia educativa e a adhesión ao modelo público que garante o ensino como dereito, igualando aos cidadáns en oportunidades.

Esta proposta, como criticaran xa a pasada semana, fora vetada inicialmente polo Alcalde –José Manuel Arias- quen decidira non incluíla na Orde do Día do Pleno, antepoñendo os intereses do seu partido ás necesidades dos veciños e veciñas de Bóveda. Pero, ao tratarse dunha cuestión de gran interese para as familias do municipio, os socialistas non cederon á censura promovida polo Partido Popular e presentaron a proposta pola vía de urxencia, o que permitiu acadar o apoio da totalidade do Pleno á moción presentada polo PSOE.

Trátase dunha proposta que, tal e como manifestaran en días pasados os socialistas, ten a súa razón de ser no comportamento da concelleira do PP e mestra no colexio de Educación Infantil e Primaria Rosalía de Castro, quen creou un forte malestar na comunidade educativa. Segundo a voceira do PSOE en Bóveda, “é unha satisfacción ter conseguido este logro a pesar das trabas postas polo PP, e é unha proba de que a necesidade de apoio á moción era una realidade, as críticas que viñamos realizando sobre a situación eran totalmente obxectivas”. “Agora esperamos que o Alcalde tome cartas neste asunto, e non se agoche máis, xa que foi unha concelleira do PP, e mestra no centro de educación infantil e primaria Rosalía de Castro, a que creou tal situación de malestar na comunidade educativa”, indicou.

O PSOE critica ademais, a actitude do Alcalde, quen “intentou vetar a iniciativa socialista, incumprindo a súa responsabilidade democrática de velar polo bo funcionamento e o mantemento do centro educativo, actitude totalmente reprochable”.